

Os dous de sempre

Na única nóvela de Castelao, *Os dous de sempre*, o tema da emigración non podía estar ausente. Como mostra reproducimos o texto do capítulo XXXV, que amosa como un dos protagonistas, Pedro, marcha á emigración.

- CASTELAO, Alfonso R.: *Narracións e outras prosas*, Vigo: Galaxia, 1990, p. 88-90.



CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Arquivo da Emigración Galega

XXXV
DENDE A RÍA DE VIGO ÁS PAMPAS ARXENTINAS

O viaxe de Pedro pouco ten que contar. Embarcouse parvo de medo, cun esvaído sentimento de morriña que nin tan siquera desentoñou do fondo da súa carne a natural tristura das despedidas. O barco desviábase da terra e Pedro seguía co corazón no peito, inconsciente, a mira-las gaivotas; dispois enfiou os ollos no ronsel que quedaba no mar e adormentouse debruzado na baranda de popa.

Para el a travesía non pudo ser mellor. Husmaba na porta da cociña o intre feliz da galloufa e ó saí-los caldeiros seguía detrás deles para tomar a dianteira. Na riola dos emigrantes sempre foi o prato de Pedro o que recebeu as primeiras culleradas, as máis graxentas.

Dispois, armado de caldereta, inda se colaba na ringleira dos polacos, a recolle-la estrana pistraca que lle daban.

O mar en calma, el a comer e durmir. ¿Que máis se podía desexar? Pero na hora do desembarco despertou á realidade, i entón si que a tristura das despedidas esguizoulle as entranas, porque neste punto secábase o teto e asomaban as orellas do lobo. Dende o barco escudrumou a barafunda de xente que bulía no peirán en espera dos emigrantes e o medo de non atopar a Manoel deixouno escoado, sen forzas para baixar.

Nesto sinteu que o chamaban i emborcóuselle o corazón na boca.

—¡Pedro López! ¡Pedro López! ¡Pedro López!

—¡Alá vou! ¡Son eu! ¡Alá vou!

Era un amigo de Manoel que recibira encargo de recollelo e de metelo no tren ó seguinte día.

O tren enguleu planuras e mais planuras para chegar ó seu destiño e Pedro deixábase levar coma un embrollo faiturado. Dispois aínda tivo que coller outro tren que fuxía polos campos, escorrentando ovellas. E cando caíu nos brazos de Manoel, estaba máis morto que vivo; pero faltaban moitas horas de coche.

Cearon, durmiron e no abrete do día saen arreando polos camiños pampeiros.

A paisaxe non ten o ledor das terras chans e abertas que Pedro alvistou dende o tren. O coche vai rolando, a tombos, por gándaras ermas e lombos areosos; baixa polas abas dun monte cuberto con herbas do demo para caer en tremedales de xuncos; gabea por outeiros con alfarrobeiras e corre por chairas tiñosas. Xa decorreran moitas horas de andadura a rolar por soedades e, no devalo do día, aparece un casal, alá no fondo, á beira dunha lagoa, espello morto de augas salitrosas¹⁰.

—Aquela é a miña “pulpería” —di Manoel—. Eiquí non hai pan fresco, nin auga doce, nin sacramentos para a ialma; pero gáñase diñeiro.